XORNADA

# A encrucillada da danza na actualidade

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Mércores, 26 de abril de 2017



CONSELLO DA CULTURA GALEGA

“A danza é a linguaxe oculta da alma”
Martha Graham

Estamos a vivir un momento de profundas transformacións. Os modelos sociais e económicos dan mostra dun esgotamento sen precedentes e, ao mesmo tempo, comezan a emerxer iniciativas e experiencias que apuntan a unha nova maneira de entender as contornas e os contextos nos que vivimos. Evidentemente, a danza participa destes procesos de cambio. O sistema da cultura, tal e como o coñecemos hoxe, necesita revisar e redefinir os seus fundamentos, intereses e responsabilidades para poder seguir tendo un papel na nosa sociedade. Os principais protagonistas deste cambio son, sen dúbida, tanto artistas como profesionais da danza nos seus distintos ámbitos (académico, profesión, xestión, programación...). Por tanto, é fundamental coñecer a situación real da cultura e da danza para ser conscientes dos retos aos que se enfrontan e os recursos cos que contan.

Por todo isto e aproveitando que o 29 de abril se celebra o Día Internacional da Danza, dende a Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega propoñemos unha xornada dedicada á encrucillada da danza na actualidade. Nela, profesionais de nivel estatal e autonómico, establecerán unha reflexión que nos permita abordar a importancia da danza como motor de cambio e crecemento persoal, así como dinamizadora na sociedade en que vivimos.

Imaxe da portada: Jesús Robisco (recortada)

## PROGRAMA

**Sesión da mañá**

11:00 horas
Presentación

11:15 horas
Seminario ***A mirada da danza española***
**ANTONIO NAJARRO**, director do Ballet Nacional de España

**Sesión da tarde**

**Sesión de relatorios**
***A encrucillada da danza na actualidade: situación, xestión, profesión***

16:30 horas
*A danza en Galicia a través do Centro Coreográfico Galego*
**MERCEDES SUÁREZ**, directora do Centro Coreográfico Galego

17:00 horas
*A busca dun modelo integrador da danza desde o sector público: o exemplo de Oviedo*
**COSME MARINA**, programador do Festival de danza de Oviedo

17:30 horas
*Os estudos de danza: presente e futuro*
**MARÍA JOSÉ ALEMANY**, profesora do Conservatorio Superior de Danza de Valencia

18:00 horas
Debate

**ORGANIZA**
Sección de Música e Artes Escénicas (CCG)

**COORDINA**
Eva Faraldo

**LUGAR**
Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n 15705
Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax.: 981 957 205

**INSCRICIÓN**
A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

**MÁIS INFORMACIÓN**
www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en http://consellodacultura.gal/mediateca

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA